

Esta programación, destinada a un grupo de 5º de Educación Infantil, ten como finalidade contribuír ao desenvolvemento físico, afectivo, social e intelectual das nenas e dos nenos escolarizados neste grupo, formado por un total de 18 cativos e cativas, que xa estiveron xuntos no pasado curso escolar, excepto dúas nenas que se incorporan neste novo curso.

Como equipo docente prestaremos especial atención ao desenvolvemento afectivo, ao movemento e aos hábitos de control corporal, ás manifestacións da comunicación e da linguaxe, as pautas elementais de convivencia e relación social, así como ao descubrimento das características físicas e sociais do medio. Ademais, procuraremos que nenas e nenos elaboren unha imaxe de sí mesmos positiva e equilibrada e adquira unha boa autonomía persoal.

Entre todos, potenciaremos a transmisión daqueles valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a solidariedade, a cidadanía democrática, a tolerancia, o respecto, a xustiza, a prevención de conflitos e a súa resolución pacífica, así como o desenvolvemento da igualdade de dereitos e oportunidades e o fomento da igualdade entre homes e mulleres.

Algúns dos obxectivos a ter en conta durante este curso escolar son:

### **Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal:**

- Tomar conciencia do propio corpo identificándoo global e segmentariamente.
- Establecer relacións de confianza, afecto, colaboración, comprensión e pertenza, baseadas no respecto ás persoas, ás normas e valores sociais establecidos.
- Adquirir destrezas e habilidades manipulativas aplicándoas ao manexo de útiles e materiais presentes na súa contorna.
- Adquirir unha autoestima e autoimaxe positiva ao tempo que valoran o esforzo no desenvolvemento das actividades cotiás.

## **Coñecemento da contorna:**

- Descubrir, coñecer e vivir o xogo como medio que favorece a aceptación propia, o desenvolvemento humano, a manifestación de emocións, o respecto ás demais persoas, a aceptación de regras, a seguridade persoal e a aceptación da identidade sexual e cultural.
- Potenciar a conciencia de ecoloxismo e a importancia do coidado do planeta para vida dos seres humanos.
- Progresar na formulación de hipóteses, para así poder dar resposta e explicación e, poder anticiparse aos efectos de distintas situacións da vida diaria.
- Empregar o coñecemento matemático para interpretar a vida en clave de lóxica, comprendendo situacións e resolvendo problemas: establecendo relacións, explorando, ordenando, comparando, cuantificando, medindo, pesando, etc.
- Apreciar e valorar as manifestacións culturais do contorno próximo.

## **Comunicación e Representación.**

- Utilizar as diversas linguaxes como instrumento de comunicación, de expresión de ideas e sentimentos, de representación, de aprendizaxe e de gozo.
- Manifestar oralmente, e cada vez con maior precisión e complexidade, as súas necesidades, gustos, opinións e intereses.
- Achegarse á lingua escrita a través de distintos tipos de texto.
- Empregar a linguaxe plástica identificándoa como un medio de expresión de sentimentos, desexos e de representación da realidade.
- Potenciar a creatividade en tódolos ámbitos, respectando e valorando tanto as creacións propias como as alleas.
- Utilizar, na medida das súas posibilidades, a linguaxe audiovisual e as tecnoloxías da información e comunicación como vehículo de expresión e comunicación.

En canto aos **contidos**, estarán organizados cun enfoque globalizado, presentando os coñecementos relativos ás distintas realidades, de forma dinámica e intencionada, e poñendo en conexión e diálogo as diferentes linguaxes expresivas e comunicativas.

### **Coñecemento de sí mesmo e autonomía persoal:**

- Concienciación do corpo global e segmentariamente.
- Afianzamento de relacións positivas de convivencia e relación social.
- Adquisicións das destrezas precisas para o desenvolvemento das actividades da súa vida cotiá.
- Afianzamento dunha autoestima e autoimaxe positiva.
- Valoración da capacidade de esforzo e perseveranza na realización das tarefas.

### **Coñecemento da contorna:**

- Utilización do xogo como instrumento básico de aprendizaxe e de establecemento de relacións sociais.
- Iniciación da conciencia de ecoloxismo.
- Afianzamento na formulación de hipóteses e resolución de problemas básicos.
- Uso das habilidades e destrezas matemáticas.
- Apreciación das manifestacións culturais presentes na súa contorna.

### **Comunicación e representación:**

- Utilización de diversas linguaxes na expresión de ideas, sentimentos e opinións.
- Emprego dunha linguaxe oral cada vez máis elaborada e precisa.
- Gusto por producir mensaxes con trazos cada vez máis precisos e lexibles.
- Potenciación e valoración da creatividade na vida cotiá.
- Uso e valoración progresiva das distintas producións e linguaxes artísticas.
- Utilización dos medios tecnolóxicos e audiovisuais nas distintas situacións de aprendizaxe.

Os contidos asociados a estes obxectivos irán traballándose ao longo do curso podendo ampliarse en base ao desenvolvemento do grupo.

A práctica educativa basearase nun **enfoque globalizador**, presentando os coñecementos relativos ás distintas realidade de maneira dinámica e intencionada, e poñendo en conexión e diálogo os diferentes linguaxes expresivos e comunicativos.

Organizaremos a nosa práctica docente ofrecendo unidades de programación en talleres, proxectos de traballo ou pequenas investigacións, que sexan potencialmente significativas, que provoquen o seu interese e integren de maneira natural contidos diversos. Este curso participaremos do Proxecto Xeral de Centro **A volta ao mundo**, proxecto impulsado dende o Equipo de Biblioteca e que ten como finalidade descubrir países e culturas diferentes.

A elaboración destas secuencias de aprendizaxe fará posible a confluencia de contidos de distinto tipo e de distintas áreas.

Para profundizar nalgún destes contidos, empregaremos material bibliográfico diverso, testemuñas de persoas que teñan coñecemento na materia a tratar, consultando mapas, e por suposto, facendo uso de material audiovisual.

Será unha **aprendizaxe significativa**, establecendo numerosas relacións entre o que xa se coñece e o que imos aprender, e tendo como consecuencia a integración de coñecementos, o que permitirá aplicar o aprendido noutras situacións ou contextos.

O xogo será o instrumento privilexiado da intervención educativa. Polo seu carácter motivador, creativo e agradable, a actividade lúdica ten unha importancia clave na Educación Infantil. O xogo é unha conducta universal que nenas e nenos manifestan de forma espontánea. Afecta ao seu desenvolvemento cognitivo, psicomotor, afectivo e social, xa que permite expresar sentimentos, comprender normas, mellorar a atención, a memoria ou a imitación de conductas sociais.

Neste segundo ciclo da Educación Infantil, o xogo simbólico cobra especial importancia. A través del, os nenos achéganse á imitación e representación de modelos externos, o que lles permite comprender e interpretar gradualmente o mundo que lles rodea. Asemade, non podemos esquecer o valor educativo dos xogos populares e de cooperación.

**A actividade infantil partirá da observación e da experimentación.** Os nenos e as nenas da nosa clase aprenderán facendo, nun proceso que require observación, manipulación, experimentación, reflexión e esforzo mental.

As propostas didácticas serán variadas e axustadas aos distintos ritmos e estilos cognitivos das nenas e nenos que integran o grupo. Así, algunhas terán por obxecto a detección de coñecementos previos e os seus intereses, outras serán para desenvolver aprendizaxes e outras servirán para recapitular e sintetizar o aprendido.

Nalgúns casos serán suxeridas polo docente que esté a traballar co grupo, e noutros serán suxeridas polos propios nenos e nenas. Algunhas destas propostas serán realizadas en gran grupo e outras individualmente.

As actividades deseñadas para o alumnado que acude a **alternativa á Relixión Católica** terán como eixo fundamental o traballo en valores que levaremos a cabo mediante contos, proxeccións de vídeos e curtametraxes de animación, dramatizacións, cancións e bailes.

**A planificación das actividades terá en conta a consideración de agrupamentos diversos.** O traballo en grupos pequenos e a interacción entre iguais é imprescindible para o seu desenvolvemento, tanto intelectual, como social, xa que permite ao neno ir tomando conciencia de que existen desaxustes entre o que pensa e a realidade. Neste curso, debido á situación xerada polo COVID, e seguindo as pautas do protocolo de Centro, a distribución será a través de grupos colaborativos de nenos e nenas. Na medida do posible, intentaremos que estes grupos sexan estables e cun número máximo de cinco persoas. Pero ademais, nas nosas propostas didácticas, tamén terán cabida actividades de gran grupo e actividades individuais.

Entendemos **os materiais** como medios que condicionan a actividade infantil, e consecuentemente, a calidade das aprendizaxes. Razón pola que se consideran importantes. Os materiais seleccionados pretenden favorecer os aspectos afectivos e relacionais que se desencadenan en situación de xogo, despertando a súa curiosidade e desexo de manipularlos e a iniciativa pola exploración.

Os materiais empregados estarán ben organizados e ao seu alcance, salvo que sexan fráxiles ou perigosos, o que facilitará a súa autonomía. Ademais de material didáctico convencional empregaremos materiais da natureza, material de refugallo, telas, cartóns, e en xeral obxectos da vida doméstica.

**A organización dos espazos e do tempo** ten unha importancia fundamental para poder concretar as nosas intencións educativas. A distribución dos espazos deseñarase cunha intencionalidade educativa, de maneira estable e variada, de xeito que o seu uso permita atender satisfactoriamente ás necesidades de movemento, afecto, xogo, exploración, comunicación e descanso das cativas e cativos.

O emprego doutros espazos do Centro como son o ximnasio e a biblioteca será habitual, entendéndo os como espazos próximos nos que se desenvolverán moitas das actividades propostas.

Por outra banda, a organización do tempo vai máis alá da distribución temporal das actividades ou da confección de horarios. O tempo ademais dun elemento organizativo, será considerado un factor relevante no proceso de construción persoal dos cativos, por iso, na distribución da xornada intentaremos respectar os ritmos e as necesidades infantís.

Establecemos **rutinas** diarias que actuarán como elementos organizadores que contribúen a creación dun ambiente de seguridade e supoñen unha secuencia estable de actividades. Ademais disto, as rutinas fan sentir aos nenos e nenas que son competentes, que saben moitas cousas porque son capaces de predecir, anticipar e prepararse para o que vai ocorrer, contribuindo así ao desenvolvemento da autoestima.

A organización do tempo farémola de xeito flexible, combinando por exemplo, tempos de actividade con tempos de descanso, ou tempos nos que nenos e nenas permanezan atentos ás nosas consignas , dos educadores e educadoras, con outros nos que realicen actividades libres e espontáneas.

O noso Centro será un **espazo para a convivencia**, convertíndose nun lugar de encontro con outros nenos e nenas. A interacción entre iguais constitúe tanto un obxectivo educativo coma un recurso metodolóxico. De ahí a importancia dos agrupamentos. As interaccións , a colaboración , os pequenos conflitos e reaxustes que se xeneran na escola, facilitan o progreso intelectual, afectivo e social.

Daremos moitísima importancia ao **establecemento de límites e normas**, así como ao seu cumprimento, adquirindo moito máis valor si se dan nun contexto de afecto. Procuraremos que as normas sexan claras, flexibles, elaboradas pouco a pouco, e consensuadas.

En todo este proceso educativo é importante a relación constante coas familias para coordinar actuacións e unificar criterios de avaliación. Para nós é esencial o diálogo, a comunicación e establecer cauces e formas de participación das familias no Centro e de relación entre familias e docentes.

**A avaliación** está vinculada ao desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe, constituíndounha práctica habitual para valorar os avances que se producen como resultado da acción didáctica.

A avaliación, aínda que atende aos progresos do grupo, será individualizada e plantexarase como un proceso contínuo, permanente, aportando datos cualitativos e explicativos sobre os procesos seguidos polos nenos nos diferentes ámbitos da aprendizaxe.

Por ser os procesos o máis importante, valoraremos o esforzo, a superación das dificultades e os intentos de aprendizaxe, así como a actitude de paciencia e espera, na procura dunha resposta axeitada diante da demora dos desexos.

Entre os criterios de avaliación a ter en conta estarían:

- Acepta e amosa afecto, recoñecendo os sentimentos e emocións propios e das demais persoas.
- Intégrase en xogos de grupo cooperando coas demais persoas e asume progresivamente tarefas e responsabilidades.
- Persevera na realización das súas actividades.
- Resolve positivamente os conflitos cotiáns, regulando os seus impulsos e emocións.
- Adapta o seu comportamento ás regras dos diferentes contextos.
- Coñece e manexa elementos matemáticos básicos: números, medidas, símbolos, elementos xeométricos... en situacións reais ou simulada da vida cotiá.
- Recoñece algunhas manifestacións culturais próximas e doutras realidades, valorando a súa diversidade e riqueza.
- Emprega o razoamento matemático na resolución de problemas sinxelos.
- Participa de forma oral en conversas, narracións, xogos colectivos... incrementando o seu vocabulario, con entoación axeitada, pronuncia clara e usando estruturas oracionais que enriquezan as propias competencias comunicativas..
- Interésase por producir mensaxes con trazos cada vez máis precisos e lexibles.
- E quen de memorizar e recitar textos de carácter poético da nosa tradición cultural.

- Utiliza a biblioteca con respecto e coidado, valorándoa como recurso informativo, de entretemento e gozo.
- Utiliza, na medida das súas posibilidades, a linguaxe audiovisual e as tecnoloxías da información e comunicación como vehículo de expresión e comunicación.
- Mostra interese por explorar as súas posibilidades de expresión e representación, por gozar coas súas produción e por compartir as experiencias creativas, estéticas e comunicativas.

En canto á **atención á diversidade**, intentaremos dar resposta á complexidade de intereses, necesidades e ritmos de aprendizaxe que poidan xurdir na aula tendo en conta o principio metodolóxico de individualización e seguindo as indicacións do Departamento de Orientación.

A nosa escola intentará ser un lugar onde os cativos e cativas se sintan queridos e estimulados. De ahí o noso interese por crear un ambiente motivador e rico en estímulos, nun lugar que lle permita medrar en compañía dos demais. E xa para rematar, dicir que, no referido á atención educativa do alumnado da nosa aula nos escenarios que impliquen unha atención diferente da establecida con carácter xeral para o ensino presencial, seguirase o establecido no apartado correspondente da PXA: PLANIFICACIÓN DA LABOR EDUCATIVA NOS DIFERENTES ESCENARIOS.”